



Boletín Nº 268. Miércoles, 22 de noviembre de 2006

(Modificado por acordo plenario de data 16 de decembro de 2008 – Boletín Nº 60. Sábado,
14 de marzo de 2009)

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [IV.2 MUNICIPAL](#) - [CULLEREDO](#)

ANUNCIO *Pág. 12762 Reg. 13025-x.*[Anterior](#)[Siguiente](#)*Regulamento consello escolar*

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

Aprobado inicialmente polo Concello Pleno, en sesión de data 21 de febreiro de 2006, o Regulamento do Consello Escolar Municipal, e transcorrido o prazo de información pública, enténdese definitivamente aprobado, de acordo có artigo 49.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, polo que se da cumprimento ao artigo 70.2 do mesmo texto legal, e se procede de seguido á publicación íntegra da citado Regulamento:

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE CULLEREDO

Artigo 1.- Natureza

De conformidade coa regulación do artigo 26 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro polo que se regulan o consello escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos consellos escolares de Galicia, o Consello Escolar municipal de Culleredo constitúese como un órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no seu ámbito municipal.

Artigo 2.- Funcións

1.- O carácter de organismo participativo na planificación e intervención educativa non universitaria realizarase por medio das funcións que lle son propias ao Consello Escolar municipal: asesoramento, consulta, proposta e información nas seguintes cuestións:

a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración Pública que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal

b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros

docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.

c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo, e se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

d) Situación de centros docentes dentro da demarcación municipal

e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes.

f) Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio.

g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación outorgue ao municipio.

h) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar no Concello lle sexa consultado.

i) Na programación de investimentos en materia educativa.

2.- O Consello Escolar municipal poderá elevar á Administración Educativa e ao Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.

3.- O Consello Escolar municipal elaborará ao finalizar o curso escolar un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á Corporación municipal e ao Consello Escolar territorial, se este existe. No seu defecto, tal informe será remitido ao Consello Escolar de Galicia.

Artigo 3.- Composición do Consello Escolar municipal de Culleredo.

O Consello Escolar Municipal de Culleredo terá a seguinte composición:

- *Presidente: o alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.*
- *Un representante da Administración Educativa designado polo delegado provincial da Consellería de Educación, segundo a lei.*
- *DEZ profesores/as dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos por sindicatos ou asociacións profesionais en proporción ás representacións obtidas no municipio nas eleccións sindicais, sendo SEIS do ensino público e CATRO do ensino privado.*
- *SEIS pais/nais de alumnos/as, propostos polas federacións de asociacións de pais e nais de alumnos/as.*
- *CATRO alumnos/as elixidos polos representantes dos alumnos nos consellos escolares dos centros existentes no municipio, de conformidade co procedemento establecido no artigo 32 e seguintes do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro.*
- *DEZ membros elixidos segundo o que dispoña a corporación municipal de entre directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños segundo o recollido no artigo 16, letra b) da Lei 3/86 e no artigo 34.2 do Decreto 44/1988.*

• *Secretario/a: será o/a secretario/a da corporación ou funcionariola do mesmo en quen delegue que terá voz pero non voto.*

O mandado dos representantes dos distintos sectores do Consello Escolar municipal, será de catro cursos académicos, agás os representantes dos alumnos que será de dous, sen prexuízo dos cambios que procedan por motivos de representatividade.

Os alumnos cesarán como conselleiros no momento en que se convoquen eleccións aos seus postos por estar constituídos novos consellos escolares nos centros.

Os membros do Consello Escolar Municipal serán renovados por metades cada dous anos, a excepción dos representes dos alumnos que se renovará cada dous anos na súa totalidade. Os prazos de renovación do Consello computaranse a partir da data da sesión constitutiva. Cada grupo de conselleiros propondrá aos seus representantes ao alcalde, remitindo a proposta cun mes de antelación á data en que o Consello deba renovarse.

En todas as renovacións de conselleiros, cando o número de representantes dun sector sexa impar, renovarase na primeira ocasión un número enteiro de conselleiros inmediatamente inferior á metade do sector, e na seguinte, o número enteiro inmediatamente superior a esta metade e así sucesivamente.

O sorteo que determine os conselleiros de cada grupo que deban ser renovados aos dous anos da Constitución do Consello Escolar, realizarase ante a Comisión permanente, con dous meses de antelación.

Os conselleiros que o sexan en virtude da representación que ostenten perderán a condición de tales no momento de cesar como representantes dos seus colectivos.

Ao constituírse unha nova Corporación, cesarán os sete conselleiros elixidos pola anterior corporación.

No caso de que se produza algunha vacante no Consello, ésta será cuberta no prazo máximo de dous meses. O novo membro será polo tempo que resta para completar o mandato.

En caso de baixa ou ausencia xustificada, os conselleiros titulares serán substituídos polos seus suplentes, comunicándollo ao presidente do Consello por escrito no que se indique o nome de ambos.

Os/as conselleiros/as perderán a súa condición de membros do Consello Escolar por algunha das seguintes causas:

- a) Expiración do prazo do seu mandato
- b) Por renuncia, aceptada polo presidente
- c) Por falecemento ou incapacidade permanente, postos en coñecemento do presidente do Consello, acreditado por calquera medio admisible en dereito.
- d) Por revogación do mandato conferido polo colectivo que representen, ou cando en virtude da celebración de eleccións sindicais ou de ter sido renovados os representantes, se altere a representatividade das organizacións que efectuaron a proposta.

Artigo 4. Organización.

Os órganos do Consello Escolar Municipal de Culleredo son o Pleno, o presidente, a Comisión permanente e as Comisións de traballo.

Artigo 5. O/a Presidente.

1.- O presidente do Consello Escolar municipal é o alcalde da Corporación ou Concelleiro/a en quen delegue.

2.- Corresponde ao presidente:

- a) Ostentar a representación do Consello Escolar municipal
- b) Convocar e presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e das Comisións
- c) Establecer a orde do día das sesións
- d) Velar polo cumprimento dos acordos tomados nas reunións do Consello
- e) Dirimir, con voto de calidade as votacións nos casos de empate.

Artigo 6.- O/a secretario/a

1.- O Pleno e a Comisión permanente do Consello Escolar municipal contarán cun secretario/a.

2.- O secretario do Consello Escolar municipal será o secretario/a do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

3.- Son funcións do secretario/a:

- a) Asistir con voz pero sen voto ás reunións do Pleno e da Comisión Permanente
- b) Levantar acta das sesións
- c) Expedir certificacións dos actos e acordos do Consello, coa conformidade do presidente
- d) Custodiar as Actas das sesións
- e) A tramitación administrativa dos expedientes derivados dos acordos plenarios
- f) Tramitar as convocatorias coa correspondente orde do día, por orde do seu presidente
- g) Preparar a documentación necesaria para os membros do Consello
- h) Calquera outra función relativa a funcións xenéricas de Secretaría, que lle encomende o Consello Escolar municipal.

Artículo 7.- O Pleno.

O Pleno é o órgano de decisión e formación da vontade do Consello Escolar municipal de Culleredo. Estará integrado por todos os membros do mesmo, baixo a dirección do seu presidente e asistido polo secretario/a.

Para a constitución inicial do Pleno será necesario que asistan polo menos os 2/3 dos membros que o compoñen. De non acadarse o quórum establecido,

procederáse a unha nova convocatoria no prazo de sete días, requiríndose neste suposto a asistencia da maioría absoluta dos seus membros.

Artículo 8.- A Comisión Permanente

1.- *A Comisión Permanente estará composta por:*

a) O/a presidente/a do Consello.

b) O representante da administración educativa.

c) Cinco profesores dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario propostos por sindicatos ou asociacións profesionais elixidos de entre os dez profesores membros do Consello Escolar, por eles mesmos.

d) Tres pais/nais de alumnos/as elixidos de entre os seis membros do Consello Escolar, por eles mesmos.

e) Dous conselleiros pertencentes ao grupo de alumnos elixido por eles mesmos e de entre os seus integrantes.

f) Cinco conselleiros elixidos de entre os membros elixidos segundo o que dispoña a corporación municipal.

2.- O secretario do Consello Escolar municipal o será tamén da Comisión permanente.

3.- Á Comisión permanente correspóndenlle as seguintes funcións:

- A elaboración da proposta do informe anual sobre o estado do ensino no municipio, que se someterá á aprobación do Pleno

- Proponer a convocatoria das reunións do Pleno con carácter extraordinario

- Coordinar, no seu caso, os estudos das comisións de traballo constituídas

- Elaborar as propostas para a súa elevación ao Pleno

- Proponer a asistencia ao pleno de técnicos, expertos ou asesores externos.

- Elaborar ou, no seu caso, efectuar o seguimento dos ditames, estudos ou informes que deba remitir o Consello que se someterán á aprobación plenaria

Artigo 9.- As Comisións de traballo.

Poderán constituírse Comisións de traballo, fixándose na súa creación o seu cometido, a súa duración e os seus compoñentes, asegurando a representación nas mesmas de todos os sectores.

Artigo 10.- Funcionamento do Pleno

1.- As sesións do Pleno do Consello poderán ser ordinarias ou extraordinarias

2.- O Pleno reunirase en sesión ordinaria unha vez cada 6 meses; ao comezo do curso escolar e ao remate do mesmo.

3.- Reunirase con carácter extraordinario a iniciativa do presidente ou cando o solicite unha cuarta parte dos seus compoñentes ou a proposta da Comisión permanente.

Artigo 11.- Funcionamento da Comisión permanente

1.- A Comisión permanente reunirse tantas veces sexan necesarias para entender dos asuntos da súa competencia e, en todo caso, con carácter previo á celebración do Pleno do Consello Escolar municipal.

2.- A Comisión permanente tamén se reunirá cando o solicite un tercio dos seus membros.

Artigo 12.- Convocatoria das reunións.

As convocatorias do Pleno e da Comisión permanente efectuaranse polo presidente e se remitirá aos compoñentes de ditos órganos con, polo menos, tres (3) días de antelación.

A convocatoria conterá a Orde do Día e a data, hora e lugar da súa celebración. A documentación específica sobre os asuntos a tratar estará a disposición dos componentes do órgano na Secretaría do Consello.

Artigo 13.- Celebración.

As sesións do Pleno e da Comisión permanente celebraranse en primeira convocatoria, sempre que concorra a maioría absoluta dos seus membros e, en segunda, unha hora despois da anunciada, se asisten polo menos o presidente, o secretario e un tercio dos seus membros.

Se unha vez comenzada a reunión, a abandonase algún dos seus membros, poderá continuarse sempre que se manteña o quórum previsto para a segunda convocatoria.

Artigo 14.- Deliberación.

1.- O presidente abrirá, suspenderá e levantará as reunións.

2.- O presidente dirixirá os debates, velará polo mantemento da orde da sesión, concederá ou retirará o uso da palabra na orde en que se pida e porá a votación os asuntos obxecto de debate e proclamará os resultados.

Artigo 15.- Acordos.

1.- Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes, dirimindo o presidente os empates mediante o seu voto de calidade.

2.- O voto é persoal e indelegable.

3.- Calquera conselleiro poderá solicitar a transcrición íntegra da súa intervención sempre que achegue no acto ou no prazo de 24 horas o texto que se corresponda fidedignamente coa súa intervención.

Artigo 16.- Votacións

As votacións faranse a man alzada, levantado primeiro a man quen estean a favor, despois quen estean en contra e finalmente os que se absteñan.

Artigo 17.- Actas.

1.- De cada reunión levantarase unha acta na que deberá figurar as seguintes mencións:

- Lugar da reunión
- Data e hora de comezo

- Asistentes á sesión, membros que excusan a súa asistencia e dos membros que falten sen causa

- Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se se celebra en primeira ou segunda convocatoria

- Asistencia do secretario

- Asuntos que se examinan, opinións sintetizadas dos membros que interviñeran

- Votacións que se verifiquen, facendo constar os votos afirmativos ou negativos e as abstencións

- Acordos adoptados

- Hora en que se levante a sesión

2.- Cando non se celebre a reunión por calquera motivo, o/a secretario/a suplirá a acta cunha dilixencia autorizada coa súa sinatura e co visto e prace do presidente, na que se farán constar as causas da súa non celebración e, no seu caso, o nome dos concorrentes e dos que excusaran a súa non asistencia.

3.- As actas someteranse a aprobación na seguinte sesión.

4.- As actas quedarán baixo a custodia do secretario.

Disposición adicional primeira.- Para o non regulado na presente norma serán de aplicación as disposicións da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no RD 2568/1986, do 28 de novembro, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Disposición transitoria.- Dentro do prazo do mes seguinte ao da entrada en vigor deste Regulamento, as organizacións, institucións e entidades competentes, proporán ao alcalde o nomeamento dos seus representantes no Consello. Para estes efectos a Alcaldía notificará aos colectivos mencionados co obxecto de que no prazo indicado propoñan mediante escrito o titular e suplente que lles corresponda

Disposición final.- O presente Regulamento entrará en vigor nos termos regulados no artigo 70 da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

Culleredo, 2 de novembro de 2006.

O alcalde en funcións,

(Resolución 30/10/06)

Asdo: Ricardo Seoane Candamio.

Reg. 13025-x

